

## ACTA DE CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2016

Na cidade da Coruña, na sede do Consello Escolar, sito na rúa Orzán, 21, sendo as 17:30 horas do día 28 de xuño de 2016, reúnese en sesión ordinaria o Consello Escolar Municipal (CEM) coa **asistencia dos seguintes membros:**

**PRESIDENTA:** Silvia Cameán Calvete. Concelleira de Xustiza Social e Coidados

**SECRETARIO:** Belisario Sixto San José. Xefe de Servizo de Educación

**CONSELLEIROS:**

- Fermín Álvarez Lata (Xefe do Servizo Territorial de Inspección da Coruña)
- Manuel Gajino Cousillas (Vicedirector do IES Urbano Lugrís)
- M<sup>a</sup> Jesús Barreiro Rial (Directora do CEIP Raquel Camacho)
- M<sup>a</sup> Jesús Sanjurjo Fraga (Directora colexio Cristo Rey- Maristas)
- M<sup>a</sup> Luisa Varela Insua (Presidenta da Fed. de AAVV da Coruña e Área Metropolitana)
- Javier Rouco Ferreiro (Membro de Nova Escola Galega)
- Héctor Pose Porto (Profesor universitario)
- Helena Gómez Vecino (Fed. ANPAs centros públicos)
- Natalia García Suárez (Fed. ANPAs centros públicos)
- Ana Isabel Sanclaudio Luhía (Fed. ANPAs centros públicos)
- M<sup>a</sup> Dores Fernández López (CIG)
- Mercedes Queixas Zas (CIG)
- M<sup>a</sup> José Couso Pita (CCOO)
- Guillermo Saavedra Sánchez (CCOO)
- Enrique Martínez Mato (FSIE)
- Jaime Mañá Castro (FSIE)
- Rosa M<sup>a</sup> Urbano Rey (ANPE)
- Paula Gómez del Valle y Gómez (STEG)

**Non asisten:**

- Emilio Joaquín Veiga Río (Director CEIP S. Francisco Xavier y Pte. Asoc. Prov. de Directores de centros públicos da Coruña)
- Luis Villaverde López (Catedrático de ensino secundario)
- Celestino Pérez Recarey (Experto. Exdirector do CEFOR)
- Isabel Piñeiro Cabalo (Membro da AS-PG)
- Daniel Cameselle Caride (Secretario Fed. ANPAs centros públicos)
- Jorge Arangüena Sande (Presidente Fed. ANPAs centros privados- concertados)
- Juan Lage Fernández Cervera (Fed. ANPAs centros privados-concertados), quen desculpa a súa ausencia.
- Patricia Varela Fernández (CIG)
- Raquel Méndez Fernández (FETE UGT)

A presidenta dálles a benvinda aos asistentes e comeza coa exposición da orde do día:

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DAS ACTAS ANTERIORES (DE DATAS 06/04/16 E 28/06/16)

M<sup>a</sup> Luisa Varela Insua manifesta que xustificou a súa ausencia para o Consello do 6 de abril e que Guillermo Saavedra estivo presente na do 28 de xuño. Realizadas estas correccións apróbanse ambas actas por unanimidade.

### 2.- PROPOSTA DE DÍAS NON LECTIVOS PARA O CURSO 2016/17.

Indícase que con posterioridade á convocatoria, o Concello acordou como festivo local para o 2017 o día 8 de marzo (día da muller traballadora).

Dado que no presente curso escolar os 2 festivos locais coinciden con días lectivos (7 de outubro de 2016 e 8 de marzo de 2017), non procede realizar a proposta.

### 3.- INFORMACIÓN SOBRE OBRAS EXECUTADAS NO VERÁN E PREVISIÓN DE EXECUCIÓN NO CURSO 2016/17.

A concelleira dá conta do estado actual das obras que estaba previsto executar durante o verán

OBRAS VERÁN DE 2016	
OBRA	Situación
Cambio cuberta edificio de Primaria CEIP María Barbeito	Pendente de execución a <b>que Xunta aprobe o proxecto de desamiantado.</b>
Cambio cuberta CEIP Emilia Pardo Bazán	Pendente de execución a <b>que Xunta aprobe o proxecto de desamiantado.</b>
Cuberta da zona de aulario de infantil do CEIP María Barbeito	Executada. Pendente a retirada de <b>andamios</b> . O luns estarán retirados.
Reforma comedor CEE Nosa Sra. Rosario (elevador)	Executada. Pendente só a colocación da plataforma. Retraso na entrega por parte do fabricante. Está previsto que o luns estea lista.
Cambio de caldeira de calefacción CEIP San Francisco Xabier	Executada
Cambio de caldeira de calefacción CEIP Víctor López Seoane	Executada
Acondicionamento zona exterior José Cornide Saavedra	Executada. Queda unicamente plantar unha árbore. Cómpre esperar ao momento do ano axeitado.
Legalización instalación eléctrica CEIP Eusebio da Guarda	Executadas as obras no centro. Presentación diante de Industria da documentación da obra executada
Pista patio CEIP Anxo da Garda	Executada.
Aseos CEIP Raquel Camacho	Rematando a execución. Finalización prevista para o día 8 ou 9 de setembro. Sobre a obra inicialmente prevista engadiuse o pintado

	completo das catro aulas así como a colocación dunha rampla de acceso a un dos aseos para evitar a existencia dun chanzo.
Reparación de portas e persianas do CEIP María Barbeito	Executada
Reparación de portas e persianas do CEIP María Pita	Executada
Soportal cuberto de acceso a CEIP José Cornide Saavedra	En execución. Foi a última das obras adxudicadas.

- A directora do CEIP Raquel Camacho comenta a preocupación das familias tras a reunión. Indica que avisou ás Administracións. Que espera que as obras estean rematadas para o día 12 e que quedaron moi ben. Que é unha mágoa que o traballo se executase tan amodo.
- Helena Gómez, pregunta se a realización deste tipo de obras non é competencia da Xunta.
- Ana Isabel Sanclaudio pregunta ao representante da Xunta polas obras previstas no CEIP Ramón de la Sagra.

<b>REPARACIÓNS NOS CENTROS DURANTE O VERÁN DE 2016</b>	
- CEIP CURROS ENRÍQUEZ	Cambio de parte da tarima da zona de despachos e secretaría. Facer practicables os rexistros do patio de entrada. Cambio da porta de entrada do recinto onde se atopa a caldeira
- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN	Saneado e pintado das reixas exteriores do edificio de primaria.
- CEIP JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA	Reparación de muros exteriores.
- CEIP MANUEL MURGUÍA	Arranxo da zona verde de entrada no centro.
- CEIP MARÍA PITA	Cambio de reixas exteriores de sumidoiros no patio de infantil.
- EPA EDUARDO PONDAL	Pintado de andares e chan de aulas.
- CEIP RAMÓN DE LA SAGRA	Pintado de liñas e xogos nos patios e espazos exteriores. Cambio dunha porta de acceso.
- CEIP SAN FRANCISCO XABIER	Arranxo e pintado dos xogos do parque infantil Arranxo da beirarrúa do soportal Arranxo do muro lateral
- CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE	Pintado de xogos no chan do patio
- CEIP ZALAETA	Arranxo dos piares do portalón Arranxo das vigas do patio exterior

#### 4.- INFORMACIÓN SOBRE AS NOVIDADES NOS PROGRAMAS EDUCATIVOS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2016/17.

A concelleira dá conta dos programas educativos municipais para o curso 2016/2017:

##### **Novo PROGRAMA de conciliación CÓXEGAS**

Programa experimental deseñado para conciliar a vida laboral e familiar a través de actividades lúdicas nun entorno seguro para familias con fillos e fillas escolarizados en centros públicos, en tempo extraescolar, durante os períodos nos que as ANPA non desenvolven actividades extraescolares (do 12 ao 30 de setembro e xuño).

En convenio ca Federación provincia de ANPAS de centros públicos.

Cota: 10€ por escolar, no mes de setembro.

- Dirixido ao alumnado de E. infantil e E. primaria dos CEIP.

##### **Nova convocatoria de 10 BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA V, para titulados de grao superior**

Programa europeo de Erasmus + que organiza e posibilita as prácticas de 3 meses en empresas europeas do Reino Unido, Irlanda, Italia e Portugal.

En convenio co Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

Cun orzamento de 33.207€, dos que 10.500€ son aportados polo SEPIE e 22.707€ polo Concello (estando pendente unha subvención da Deputación Provincial).

Dirixido ao alumnado que obteña o título de **técnico superior** en determinadas familias profesionais durante o curso 2015/16 en xuño ou decembro, matriculados en centros educativos públicos da cidade e que sexan socios do proxecto.

##### **Nova convocatoria de BOLSAS USA**

Programa que posibilita que o alumnado coruñés curse o Grao 11.º, equivalente a 1.º de bacharelato, nun *High School* americano no curso 2017/18, para acadar un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura .

Dirixido ao alumnado matriculado e empadroado no Concello da Coruña que estea cursando 4.º de ESO durante o curso 2016/17.

##### **Novidades:**

- **Incremento dos recursos** cos que conta este programa, que duplícase con respecto ao último realizado, pasando a contía de 312.000 a 650.000 € por curso.
- No prego de contratación primáranse as empresas que oferten unha cantidade mensual para “gastos de peto” do alumnado coa intención de que as familias con menos recursos teñan un custe cero real.
- E ademais que, ao seu regreso, as e os participantes levarán a cabo unha proba oficial acreditativa do nivel de inglés acadado.

##### **PROGRAMA DE LECER EDUCATIVO**

Programa de ocio educativo e animación sociocultural en horario extraescolar.

Integrado polos **obradoiros**: Divermates e pequeciencia (galego e castelán); Exprésate! (galego e castelán); Escola de actores (galego/castelán); ExperimentART (inglés); e Music and play (inglés)

- Dirixido ao alumnado de E. Infantil, 1.º, 2.º, de E. Primaria dos CEIP

**Novidade: amplíase a 3.º e 4.º de E. Primaria**

## DEPORTE NO CENTRO

Programa integral de actividades físico-deportivas en horario extraescolar, coas seguintes modalidades deportivas: aeróbic, atletismo, baile moderno, baloncesto, fútbol sala, golf, hóckey, multideporte, patinaxe, predeporte, ritmo, tenis, xadrez, ximnasia rítmica, xogos, xogos rítmicos, e xogos de taboleiro.

- Dirixido ao alumnado de E. Infantil, E. Primaria e E. Secundaria de centros públicos.

### Novidades:

- **Ampliación do programa, con carácter xeral, ao mes de xuño.**
- **Novas modalidades deportivas:** xogos tradicionais (para E. Infantil e 1.º e 2.º de E. Primaria), capoeira (para todos os niveis), deportes alternativos (Dodgeball, Quiditch, Fútbol Gaélico, Ultimate, ...; desde 3.º curso de E. Primaria ata E. Secundaria). e ximnasia artística (para E. Primaria e E. Secundaria).

### Retómanse os programas de CORUÑA DIVERSIDADE, que nos se fixeran o curso pasado:

- **OBRADOIRO PARA ALUMNADO CON TDAH.** Obradoiros psicopedagóxicos para todos os grupos e un obradoiro de creatividade e control de impulsos para o grupo de adolescentes. Realízase en colaboración coa asociación ANHIDACORUNA.
- **PROXECTO QVO. Obradoiro para alumnado con altas capacidades intelectuais,** de 3.º a 6.º de primaria. No caso de vacantes valorarase a inclusión de alumnado de 1.º e 2.º da ESO

**E amplíase a mais centros o programa R.E.A.D. LECTURA CON CANS** de mellora das habilidades de lectura dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais mediante a intervención de cans especialmente adestrados para ler con eles.

**Retómanse o programa CORUÑA SAÚDE, que nos se fixera o curso pasado:** EDUCA SAÚDE é un programa escolar de prevención e formación que aborda a saúde dunha forma integral, xerando hábitos de vida saudable desde a infancia, nos ámbitos físico, psicolóxico e relacional. Realízase en colaboración ca Fundación M<sup>a</sup> José Jove.

- Dirixido ao alumnado de E. Infantil (0 a 6 anos), E. Primaria e E. Especial, así como as súas familias.

## Nova EXPERIENCIA PILOTO PROXECTO PARTICIPATIVO “O NOSO PATIO” CEIP SANJURJO DE CARRICARTE

Á proposta do Consello escolar do CEIP Sanjurjo de Carricarte ponse en marcha este proxecto experimental coa finalidade de fomentar a participación e implicación da comunidade educativa no funcionamento e mellora do centro, cun dobre obxectivo: por unha banda, a mellora física do centro (arranxo de patio, para convertelo nun espazo de xogo, de descanso e de creación de comunidade e a remodelación do edificio do comedor escolar), e por outra banda, implicar a toda a comunidade educativa do centro nun proceso colaborativo para que todas e todos cheguen a sentir o centro como algo propio.

O proceso proposto presenta, pola súa propia natureza, un carácter aberto e dinámico e se terá que desenvolver en sucesivas fases ao longo do tempo.

A primeira fase deste proceso deberá ser a organización dos colectivos implicados no proceso (alumnado, familias, profesorado e outro persoal relacionado con centro). Nesta fase tamén se poderá valorar a posibilidade de lle dar entrada a outros colectivos directa ou indirectamente relacionados co centro (asociacións de veciños, sociais, culturais, deportivas... da zona da influencia do colexio). Tamén nesta fase se deberían definir as primeiras actuacións a desenvolver no centro ao abeiro deste proceso participativo.

Co obxecto de coordinar as achegas dos diversos colectivos e facilitar a súa interrelación cómpre contar cun profesional que realice as funcións de mediación e dinamización do proceso.

O custe estimado para a posta en marcha da fase inicial é de 6.000,00€.



- A directora do CEIP Raquel Camacho manifesta que o programa Cóxegas é interesante e tamén a dificultade para poñelo en marcha no inicio deste curso pola necesidade de aprobación por parte do Consello Escolar, os problemas coas ANPA...
- Mercedes Queixas pregunta polas actividades a desenvolver dentro do programa Cóxegas. Indícaselle que é un programa que ten como finalidade facilitar a conciliación desde o primeiro día do curso escolar. A presidenta da ANPA indica que depende do alumnado destinatario. Paula Gómez del Valle di que é parecido ao POE. Belisario Sixto indica que é complementario a este.

## 5.- INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO DE CONSERXARÍA NOS CEIP DOS CONCELLO.

A concelleira informa sobre a proposta de novos horarios do servizo de conserxería dos CEIP e CEE, así como da creación dun protocolo diante das incidencias que xurdan no mesmo

## 6.- PRONUNCIAMENTO A FAVOR OU EN CONTRA DA LOMCE

Interven:en:

- María Jesús Barreiro amosando a súa desconformidade coas probas individualizadas de primaria; cuestiona a validez dos resultados obtidos.
- Helena Gómez salienta que o rexeitamento da proba en Galiza na súa primeira convocatoria foi do 70%. Subscribe a anterior intervención e indica que os pais se fían do profesorado; que cada nena/o é un caso especial. Salienta o problema da proba de 4º ESO e a incidencia que terá no abandono escolar. Valora de xeito moi negativo a supresión de Educación para a Cidadanía, pois os que escollan a opción relixiosa non recibirán formación ética. Sostén que a lei amosa un desprezo por facer alumnado crítico e que se volve á memorización. Por último salienta as dificultades para adquirir libros de texto de 2º e 4º ESO.
- Fermín Álvarez, ao respecto dos libros indica que existen axudas. En canto á “revalidas” di que están mal chamadas dese xeito. Admite que o número de probas externas podería ser excesivo pero que en todo caso é necesario que exista algunha proba para comprobar a disparidade entre centros. Polo que atinxe ao tratamento diferenciado ao alumnado, precisa que xa está previsto que o alumnado con ACI faga unha proba adaptada.
- Helena Gómez salienta que hai centros que se dedican a preparar ao alumnado para a proba.
- Dores Fernández se pregunta que achegan as revalidas. Por que para relixión non se esixe un número mínimo de alumnado e por que hai alumnado sen ACI cando a precisan. Salienta a falta de recursos.
- Héctor Pose amosa como profesional e como cidadán o seu rexeitamento á lei.
- María Jesús Barreiro pon de manifesto a circunstancia de que hai centros públicos con unha porcentaxe de alumnado estranxeiro do 30%. A realización da proba para este alumnado é absurda.
- Javier Rouco indica que o seu rexeitamento á LOMCE é frontal.



- Paula Gómez del Valle afirma que a lei impón unha ideoloxía, desautoriza ao profesorado; é clasista e a reválida crea un ranking de centros.
- Silvia Cameán amosa o seu rexeitamento á lei por considerala: clasista, sexista e autoritaria. Non fomenta a educación pública, deixa ao profesorado nun segundo nivel, é mercantilista. Salia que estamos a falar do futuro da nosa sociedade. Por último pon de relevo a incidencia que ten na lei a OCDE e o informe PISA.
- María José Couso afirma que a lei nos leva ao século XIX e se pregunta que necesidade hai para avaliar ao alumnado en ensino obrigatorio.
- Rosa M<sup>a</sup> Urbano amosa a súa posición en contra da lei, que nace en contra de todos os sectores implicados. Amosa a súa preocupación polos currículos, que son extensísimos. Pide un Pacto pola Educación. Os constantes cambio nas leis educativas prexudican en primeiro lugar ao alumnado e aos docentes.
- Helena Gómez indica que o único positivo que lle ve á LOMCE é que uniu á Comunidade Educativa.
- M<sup>a</sup> Luisa Varela manifesta a súa oposición á LOMCE que entende que nos situa no século XIX.
- Belisario Sixto amosa a súa posición crítica ao respecto da norma. Como única cuestión positiva indica a desaparición dos ciclos en EP así como a introdución da FPB aínda que esta última non achega grande cousa ao respecto dos PCPI modelo integrado que xa estaban previstos en Galiza. Critica: o seu carácter economicista, que desvíaa a Educación da súa función constitucional; a recentralización, que se manifesta tanto na distribución das competencias no que atinxe ao currículo, como nas probas “externas”; o absurdo dos itinerarios “académicos” ou “profesionalizadores” en 4<sup>o</sup> da ESO e as consecuencias negativas para a evolución do alumnado; o tratamento de determinadas materias, que se ven preteridas ou relegadas (tecnoloxía, música...), sendo especialmente grave a situación da Historia da Filosofía; a desaparición dos PDC; que se poida ceder a empresas privadas solo público dotacional para construír e explotar centros concertados; e finalmente, o papel asignado ás linguas cooficiais.

Procédese, finalmente, á votación e se pronuncian en contra da LOMCE a totalidade dos presentes con dereito a voto, bardante as seguintes abstencións: Javier Maña, Enrique Martínez e Fermín Álvarez (por entender que teñen cousas boas e malas) e María Jesús Sanjurjo (por non dispor dunha posición común por parte dos centros concertados). Non hai votos en contra.

## 7.- ROLDA DE INTERVENCIÓNS.

- María Jesús Barreiro solicita ao Concello que se lles faciliten planos actualizados dos centros para poder realizar os plans de autoprotección. A Concelleira indica que se lles facilitarán tan pronto como estean dispoñíbeis. Tamén solicita que volvan ser gratuítos os concertos didácticos e amosa a súa preocupación polo servizo de limpeza.
- Héctor Pose propón, se é legalmente posíbel, o cambio de nome do Consello, que pase a denominarse Consello Educativo Municipal. Indícaselle que a denominación ven marcada pola lei, polo que non pode ser alterada polo propio Consello.



- M<sup>ª</sup> Luisa Varela pide que non se repitan preguntas formuladas en anteriores consellos.
- M<sup>ª</sup> José Couso interésase polo problema do uso da piscina da Agra por parte do alumnado do instituto. Indica que non houbo resposta da Xunta á moción.
- Fermín Álvarez indica que houbo xuntanzas coa comunidade educativa do centro.
- Fermín Álvarez pide que se establezan reunións periódicas entre a Concellaría e a Xunta, aumentar a comunicación entre ambas Administracións.
- Silvia Cameán amosa a súa disposición favorábel a que exista unha boa comunicación entre ambas, pero non que se pretenda desde a Xunta fiscalizar á Concellaría, que non vai a entrar en contenciosos entre Administracións, pois o interese da cidadanía debe estar por riba de todo.
- Fermín Álvarez indica que a petición de aumento da comunicación é pola mellora da comunidade educativa.
- Ana Isabel San Claudio pregunta polas axudas para libros de texto para o alumnado que está pendente de promocionar ou repetir.
- Fermín Álvarez aclara que haberá flexibilidade en canto aos prazos para a concesión

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18:54.

A Coruña, 8 de setembro de 2016.

A presidenta

O secretario

Silvia Cameán Calvete  
Terceira Tenente de Alcalde,  
Área de Xustiza Social e Coidados.

Belisario Sixto San José  
Xefe do Servizo Municipal de Educación